



## RESTRICIÓN NAS PISCINAS POLAS ORDES DO 26/01/2021 E DO 15/02/2021

### NORMATIVA

[Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

[Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

- Pechadas:
  - Piscinas recreativas de uso colectivo.
  - Piscinas de competición.
  - Piscinas de hoteis e aloxamentos turísticos.
- Abertas:
  - Instalacións deportivas nas que se celebren adestramentos ou competicións de ámbito federado, profesional ou non profesional, cuxos vestiarios e zonas de duchas:
    - Ocupación do 30% da capacidade máxima permitida.
    - Limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada..
  - Instalacións deportivas ao aire libre:
    - Práctica deportiva: de forma individual ou con persoas conviventes.

### ACLARACIÓNS

Poderán permanecer abertas as seguintes piscinas:

- Terapéuticas (destinadas a usos médicos ou de rehabilitación) en centros sanitarios e sociosanitarios: uso individual, con prescripción por persoal sanitario e seguindo os protocolos específicos do centro.
- As de centros de ensino regrado, sempre que a súa actividade forme parte do currículo oficial.
- Nas que se celebren adestramentos ou competicións federadas, profesional ou non profesional, e só para as persoas que participen nestes adestramentos ou competicións.
- As piscinas ao aire libre: uso individual ou con persoas conviventes.

*Data de actualización: 17 de febreiro de 2021*

